



## ESPAZOS ACCESIBLES, INTEGRADORES, SEGUROS E AGRADABLES PARA AS MULLERES

- Adaptar os espazos á normativa aplicable en materia de accesibilidade.
- Mostrar unha actitude amigable coa clientela evitando prexulgar as súas necesidades e expectativas en función do seu sexo.
- Colocar os teus produtos para convidar o consumo das persoas non dos sexos, rachando así cos estereotipos sobre as súas preferencias.

## USO DUNHA LINGUAXE E IMAXE INCLUSIVA

- Empregar unha linguaxe inclusiva tanto nos documentos de xestión como nos de promoción (anuncios, folletos, web etc.).
- Promover que as persoas traballadoras empreguen unha linguaxe inclusiva.
- Facer un uso non sexista da imaxe:
  - Representar a diversidade de funcións que mulleres e homes desenvolven na sociedade.
  - Evitar o uso do corpo da muller como elemento decorativo.
  - Evitar mostrar o aspecto físico como un valor feminino.
  - Presentar a diversidade sexual.

## DEREITOS LABORAIS EN IGUALDADE

- Seleccionar ao persoal polas súas habilidades e competencias non polo seu sexo.
- Incrementar o seu compromiso é sinxelo so tes que:
  - Equilibrar as necesidades do persoal e da entidade.
  - Facilitar medidas de conciliación para o persoal.
  - Facilitar a formación continua do persoal

## VIOLENCIA DE XÉNERO

- Promover o establecemento como un lugar libre de violencia.
- Establecer un protocolo de actuación ante os casos de acoso laboral por razón de sexo ou de acoso sexual.
- Colaborar na denuncia dos casos de violencia de xénero ante as Forzas e Corpos de Seguridade.

## DIVERSIDADE SEXUAL

- Defender o respecto á liberdade de opción sexual e de identidade de xénero das persoas, así como á diversidade corporal.
- Colaborar coas actividades propostas para contribuír na visibilización e non discriminación da cidadanía LGTBIQ+.
- Converter o establecemento nun lugar “amigable” tanto para as persoas residentes como para aquelas que nos visitan onde as persoas LGTBIQ+ se sentan benvidas.

## MATERIAIS DO PROXECTO

- Colocar os materiais do proxecto “Compostela Territorio das mulleres” en un lugar visible para a clientela.
- Coñecer, promover e difundir “Compostela Territorio das Mulleres”.
- Colaborar de xeito activo nas actividades propostas

## BANCO DE BOAS PRÁCTICAS

- Prestar atención ás propostas e boas prácticas para aplicalas no teu establecemento, tendo en conta as características e posibilidades do equipamento.
- Facer novas propostas para traballar en rede en prol da igualdade no comercio.
- Pular pola incorporación dos valores do comercio xusto.